



8M

2025

Día internacional das
mulleres traballadoras

MATERIAIS para traballar
nas aulas de SECUNDARIA

Xustificación

A conmemoración do **8 de marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras**, é unha data fundamental para reflexionar sobre a loita das mulleres pola igualdade de dereitos e oportunidades en todos os ámbitos da vida.



A introdución de programas de prevención da violencia de xénero en educación infantil está apoiada por un marco legal que busca garantir a igualdade e a protección dende as primeiras etapas educativas. O artigo 24 da Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes establece que

«as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes, a través da integración activa nos obxectos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados se produzan desigualdades entre mulleres e homes».

Así, contémpase o desenvolvemento de actuacións orientadas a fomentar a igualdade en todas as etapas educativas e a eliminar os

«comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan a discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración nos libros de texto e materiais educativos».

Nesta unidade didáctica para secundaria, traballarase de xeito adaptado ao nivel cognitivo e emocional das crianzas para que comprendan conceptos básicos sobre a igualdade de xénero, a relevancia das achegas das mulleres ao longo da historia e a relacionarse dende a escoita activa e a colaboración entre persoas.

A unidade busca, a través de actividades diversas e motivadoras, que a adolescencia sexa quen de adquirir competencias dixitais con perspectiva de xénero, tendo en conta o uso actual das redes sociais entre a mocidade. Neste contexto, as actividades están deseñadas para sensibilizar ao alumnado sobre as dinámicas das plataformas online e promover o uso responsábel, crítico e positivo destas ferramentas. O obxectivo principal desta unidade é proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para facer fronte aos estereotipos de xénero que se perpetúan nos medios de comunicación e nas redes sociais.

Por outra banda, esta unidade tamén propón exercicios que aborden as contribucións históricas das mulleres, permitindo ao alumnado reflexionar sobre o papel destas na sociedade actual, así como sobre o benestar emocional, un aspecto fundamental no desenvolvemento da autonomía e independencia, especialmente no caso das mulleres.

As historias que compartimos coas crianzas dende pequenas axudan a darlles ferramentas para comprender a igualdade de xénero e a diversidade, e tamén lles proporcionan a capacidade de cuestionar os estereotipos preexistentes sobre o que poden ou non lograr. Neste sentido, expertas como Ana Isabel Agustí López sinalan tres claves a ter en conta para a educación en igualdade:

- As palabras como principal vehículo da aprendizaxe. As crianzas entran en contacto con todo o que aprenden na escola a partir da linguaxe. Por isto, é fundamental apostar por unha linguaxe inclusiva e non sexista que recoñeza e visibilice a diversidade humana.
- O profesorado como referente. As docentes convértense nun referente de autoridade para o alumnado, que guía, marca límites e infunde respecto e confianza. A coeducación supón mostrar modelos e referentes do que queremos ver no mundo.
- Mirada crítica ante o sexismo transmitido a través das canles de socialización (televisión, publicidade, literatura, música, etc.). É fundamental que as crianzas aprendan a analizar de maneira crítica a información que lles chega, aprendendo a facerse preguntas e cuestionar se esas mensaxes que reciben son válidas ou non para a súa propia experiencia.

Así, estas propostas didácticas buscan facer reflexionar ao alumnado sobre como as plataformas dixitais inflúen na representación das mulleres e sobre a visibilidade das súas contribucións ao longo da historia. É un convite a reflexionar, aprender e medrar xuntas, facendo das redes unha ferramenta máis para o cambio e o apoderamento.



Metodoloxía

Esta proposta didáctica está elaborada para abordar diferentes aspectos vinculados á igualdade de xénero na etapa de educación secundaria. Está pensada para ser empregada non só por docentes, senón tamén por familias e outros axentes implicados na formación da mocidade. A metodoloxía empregada é activa e participativa, promovendo a colaboración e a implicación de todas as persoas involucradas no proceso educativo.

Un elemento clave desta proposta é a utilización das dinámicas participativas como ferramenta central no ensino-aprendizaxe. Mediante actividades lúdicas, as mozas e mozos teñen a oportunidade de coñecer e reflexionar sobre a igualdade de xénero, a diversidade e o respecto, adquirindo competencias sociais, dixitais e emocionais fundamentais para o seu desenvolvemento.

O papel do profesorado resulta esencial, actuando como guía e apoio no desenvolvemento das aprendizaxes do alumnado. A mestra ou mestre creará un ambiente inclusivo e seguro, favorecendo que todas as crianzas poidan expresar as súas ideas e sentimentos libremente. Ademais, acompañará as actividades para garantir a participación equitativa, adaptando as propostas ás necesidades individuais do grupo a través da observación e a retroalimentación constante.

Esta proposta didáctica pretende concienciar sobre a importancia de contar con boas referentes ao longo de todas as etapas da vida, ofrecendo modelos positivos que lles permitan sentirse apoderadas e desenvolver unha autoestima sólida. Ademais, a mocidade pode adquirir ferramentas para ter unha mellor relación coas redes sociais, tendo en conta o respecto, a igualdade e a valoración mutua.

Como complemento, é recomendable establecer previamente un pacto ou acordo no grupo, onde se definan os valores e límites que se traballarán durante as actividades. Estes principios poderán ser recollidos por escrito e expostos na aula como normas que rexan o funcionamento do espazo compartido.

Obxectivos xerais

- Promover o recoñecemento das achegas das mulleres ao longo da historia
- Visibilizar a dimensión global da loita feminista
- Reflexionar sobre as desigualdades e estereotipos de xénero
- Favorecer o desenvolvemento de competencias comunicativas e dixitais
- Fomentar a colaboración e o traballo en equipo
- Impulsar a creación de contido positivo e inclusivo
- Reforzar o autoconhecimento e o benestar emocional

Actividades

Actividade 1. PODCAST DE HOXE E ONTE

Descrición da actividade

Dividiremos a aula en dúas metades. Nunha das metades, por parellas, o alumnado deberá gravar un podcast breve presentando a unha muller da historia de diferentes eidos (literatura, ciencia, arte, activismo, etc.), explicando a súa contribución e a importancia desta para os dereitos das mulleres, ou as dificultades que se atoparon. Na outra metade seguirase o mesmo esquema, pero presentando mulleres actuais



Obxectivos da actividade

- Promover o recoñecemento das achegas das mulleres ao longo da historia
- Reflexionar sobre as desigualdades e estereotipos de xénero
- Favorecer o desenvolvemento de competencias comunicativas e dixitais
- Impulsar a creación de contido positivo e inclusivo

Materiais

- Móbil para a gravación
- Folios e material de escribir ou ordenador para crear o guión

Actividade 2. CARTOGRAFÍA DE XÉNERO

Descrición da actividade

De maneira colectiva crearase un mapa no que se sinalen lugares nacionais e internacionais relacionados coa loita feminista: lugares de protestas, logros a nivel lexislativo ou nacemento de figuras importantes. Pode dividirse a aula de maneira que se traballe en grupos por continentes, por exemplo. O mapa poderá expoñerse na aula ou nos corredores do instituto.



Obxectivos da actividade

- Fomentar a colaboración e o traballo en equipo
- Visibilizar a dimensión global da loita feminista

Materiais

- Cartolinas ou rolo de papel
- Materiais de debuxo: lapis de cores, témperas, etc.

Actividade 3. PUBLICIDADE DA BOA

Descrición da actividade

O alumnado deberá escoller un anuncio ou cartel publicitario no que detecte algunha discriminación de xénero e deseñar unha maneira de arranxalo. Poden ser anuncios de televisión e carteis publicitarios, mais tamén outro tipo de carteis, como os dos festivais de música.

Obxectivos da actividade

- Reflexionar sobre as desigualdades e estereotipos de xénero
- Favorecer o desenvolvemento de competencias comunicativas e dixitais

Materiais

- Folios ou cartolinas
- Materiais de escrita ou de debuxo

Actividade 4. GUÍA DE USO

Descrición da actividade

Coa axuda da docente, o alumnado deberá detectar as principais discriminacións que hai nas redes sociais e crear unha guía de uso, facendo infografías para concienciar sobre o uso do pensamento crítico en redes sociais, recoñecendo estereotipos e potenciando o contido positivo para as persoas. Estas infografías poderán expoñerse no centro para concienciar máis alá da aula.



Obxectivos da actividade

- Reflexionar sobre as desigualdades e estereotipos de xénero
- Favorecer o desenvolvemento de competencias comunicativas e dixitais
- Impulsar a creación de contido positivo e inclusivo

Materiais

- Folios ou cartolinas
- Materiais de escrita ou de debuxo

Actividade 5. CONCURSO MEMES POLA IGUALDADE

Descrición da actividade

Poñeremos en marcha un concurso de creación de memes sobre igualdade de xénero que sexan orixinais e divertidos á vez que conciencien.

Obxectivos da actividade

- Reflexionar sobre as desigualdades e estereotipos de xénero
- Favorecer o desenvolvemento de competencias comunicativas e dixitais
- Impulsar a creación de contido positivo e inclusivo

Materiais

- Ningún

Actividade 6. FACENDO CAMPAÑA

Descrición da actividade

Simularemos unhas eleccións políticas nas que cada persoa deberá elaborar un discurso relacionado coa igualdade de xénero ou unha discriminación ou preocupación que teña no propio centro ou na súa contorna máis próxima. Despois farase unha votación democrática e a persoa que gañe recibirá a oportunidade de presentar as súas propostas de acción ao resto da comunidade escolar.

Obxectivos da actividade

- Reflexionar sobre as desigualdades e estereotipos de xénero
- Favorecer o desenvolvemento de competencias comunicativas e dixitais

Actividade 7. AUTOCOIDADO EN 3 PASOS

Descrición da actividade

Cada persoa fará unha tarxeta na que escriba as cousas que lle gustan de si mesma, as cousas que lle gusta facer e as cousas que non quere na súa vida. O obxectivo é fomentar a autoaceptación e a identificación de límites saudables. A actividade permitirá ao alumnado tomar consciencia das súas fortalezas ao tempo que o anima a recoñecer as situacións ou actitudes que non desexa na súa vida. Esta reflexión tamén pode ser un punto de partida para traballar a autoestima e a confianza, e para comprender a importancia de establecer límites claros nas relacións interpersoais.

Obxectivos da actividade

- Reforzar o autocoñecemento e o benestar emocional

Materiais

- Folios
- Materiais para escribir

Recursos

Pioneiras galegas: <https://www.cig-ensino.gal/nova/pioneiras-galegas.html>

E ti, que científicas coñeces?: <https://exxperimentaenfeminino.webs.uvigo.es/libro-e-ti-que-cientificas-coneces/>

Mulleres no deporte: <https://playfem.es/mujeres-pioneras-del-deporte/>

Deportistas galegas:

<https://igualdade.xunta.gal/gl/campanas/conecendo-nosas-deportistas>

Mulleres no Álbum de Galicia:

<https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/coleccion.php?etiqueta=6437>

A Memoria das Mulleres: <https://www.dogrisaovioleta.gal/biografias/>

A Coruña das Mulleres: <https://acorunhadasmulleres.gal/>

Anexo libros de texto #NoMoreMatildas: https://www.nomorematildas.com/pdf/encartes/Anexo_NoMoreMatildas_ga.pdf

Educación en igualdad: <http://www.educarenigualdad.org/>

Edukaboan: <https://www.edukaboan.org/es>

Educagenero: <http://educagenero.org/>

Guía didáctica primaria: https://learning-corner.learning.europa.eu/learning-materials/educational-toolkit-help-fight-gender-stereotypes-primary-school_es

Recursos do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado:

<https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/>

Rede Educativa Apoio LGBTIQ+ de Galicia: <https://rededucalgbtiq.org/>

Mapa de recursos de Aventura: <https://aventura.com/wp-content/uploads/2021/02/apa-de-recursoscompleto.pdf>

Material para a Coeducación da CIG ensino e AS-PG:

<https://www.cig-ensino.gal/recursos.html>

<https://as-pg.gal/aula-digital>

Compilación de materiais para todas as etapas de Orientación Andújar:

<https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materialespara-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

Libros

Pioneiras, de Anaí Rodríguez

Pioneiras 2, de Anaí Rodríguez

Pioneiras do deporte en Galicia, de Cristina López Villar

A casa do paralelo 54, de Iria Collazo López

A fada pirata, de Carlos Labraña

As peripecias de Extravaganzza Pérez, de Leticia Costas

Mamá, quero ser Ziggy Stardust, de Iria Misa Peralba
Mulleres bravas da nosa historia, de Leticia Costas
O xeito das froitas, de María Reimóndez
Unha misión para Clara, de Marica Campo
A balada dos unicornios, de Leticia Costas
A peregrina gastrónoma, de María Canosa
A rapaza de tinta e estrelas, de Kiran Millwood Hargrave
Amor amargo, de Xosé A. Perozo
Aplicación instantánea, de Carlos Negro
Be water, de Antía Yáñez
Fóra do normal, de María Reimóndez
Memoria do silencio, de Eva Mejuto
O bestiario científico de Anxos Nogueirosa, de Antonio M. Fraga
Os corpos invisibles, de Emma Pedreira
O grupo, de An Alfaya
O que sei do silencio, de Andrea Maceiras
A ladroa da biblioteca de Meirás, de Eva Mejuto
Nadie es perfecto, de Gemma Pasqual i Escrivà
Cosmoknights, de Hannah Templer
Asuntos de mujeres, de Julie Delporte
Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes. 100 jóvenes que están cambiando el mundo (Editorial Planeta)
Los cuentos que nunca nos contaron (Editorial Nube de tinta)
Malas mujeres, de María Hesse
Surferas, de Paola Hirou
Alzar la voz, de Ana Alonso

Series e filmes

Primeiro ciclo da ESO

Películas: *Elemental*, *Strange World*, *Nimona*, *Vaiana*, *Brave*, *Mulán*, *Zootrópolis*, *Lilo y Stitch*, *Raya y el último dragón*, *Ainbo, la guerrera del Amazonas*, *Los increíbles 2*, *Frozen* e *Frozen II*.

Series: *Steven Universe*, *She-Ra* (2018)

Segundo ciclo da ESO e Bacharelato

Películas: *Las niñas*, *Quiero ser como Beckham*, *Barbie*, *Una cuestión de género*, *La sonrisa de Mona Lisa*, *La batalla de los sexos*, *Figuras ocultas*, *El color púrpura*, *Persépolis*, *Enola Holmes*, *Capitana Marvel*.

Series: *She-hulk*, *Ellas dan el golpe*.



8M 2025. Día internacional das mulleres traballadoras
Materiais para traballar nas aulas de Infantil.

Autora: LAURA VEIGA
Xornalista, sexóloga e divulgadora

8M²⁰²⁵

**Día internacional das
mulleres traballadoras**

